

ECOFEMINISMOS

Ramona Barrio Rodríguez

termo ecofeminismo acúña-se moi recentemente por François D'Aubonne (1.974). Con él preténese destacar as conexións importantes entre a dominación e opresión das mulleres e a explotación da natureza.

A recente historia europea móstranos a mulleres que se politizaron e asumiron posturas feministas a partir da súa experiencia nas loitas ecoloxistas (grupos de denuncia e oposición aos efectos contaminantes da industrialización, dos residuos tóxicos, das bases militares, da enerxía nuclear,...). Ou que adquiriron conciencia feminista desde os movementos sociais pacifistas (Graham Common por exemplo).

Desde o ecofeminismo invéstiganse aspectos relacionados coa reprodución, a economía, a crise ecolóxica e a pobreza (feminización da pobreza). Cuestionan-se a invisibilidade das mulleres na historia e crítica-se a produción do pensamento científico,.....

Asimesmo propóñen-se alternativas como poden ser, por exemplo, extender o sentimento de especie e de amor á vida que temos as mulleres, polo feito de ser produtoras e coidadoras da vida, a todo o conxunto social.

Alternativas que cuestionan tamén o papel subsidiario das mulleres nas organizacións políticas (deficit democrático), o concepto de igualdade formal xa que non é un concepto neutro. Propostas de novos valores, historicamente asumidos por mulleres, para o conxunto da sociedade (feminización social),.....

É probabel que a moitas persoas nos xenere non poucos problemas a exaltación da diferenza -entre homes e mulleres- que se fai desde algunhas das posicións do ecofeminismo.

Mais desde outras posicións do propio ecofeminismo crítica-se a exaltación da diferenza por si mesma -esencialismo-
Xa que sen unha avaliación histórica este esencialismo podería levar a:

- centrar a diferenza no biolóxico, e para as mulleres na maternidade, reafirmando-se a prevalencia das teses que apegan ás mulleres aos roles desempeñados tradicionalmente.
- confundir as diferencias orixinarias coas diferencias socio-culturais.
- fomentar que mulleres e homes construíamos dous mundos, dúas sicoloxías separadas e a diferenza se convirta nun abismo insuperabel (Di Nicola).

Recollendo estas ideas, que xa estaban no feminismo antes de comezar as discusións sobre o ecofeminismo, intentan promover o ecofeminismo como estratexia política.

Logo baixo este termo, como case sempre acontece, atopámonos con concepcións ben distintas. Desde as máis esencialistas (reivindicando a natureza feminina) ate as posturas máis políticas. Estas últimas, partindo da análise do papel xogado polas mulleres -produtoras e reprodutoras de vida- fan propostas políticas de carácter global.



Dormi com eles na cama